

Resolución da Axencia Galega de Innovación pola que se designan os membros do xurado encargado de avaliar as candidaturas presentadas aos Premios Galegos de Innovación e Deseño e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN822E).

Mediante Resolución do 6 de abril de 2022 (DOG núm. 84, de 2 de maio de 2022) pola que se establecen as bases reguladoras da III edición dos Premios Galicia de Innovación e Deseño e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN822E)

O artigo 10 das citadas bases reguladoras sinala que a avaliación das candidaturas levarase a cabo por dous xurados. Os premios de innovación serán avaliados polo Xurado de Innovación e haberá un Xurado de Deseño para as diferentes categorías dos premios de deseño.

Constituiranse dous xurados cuxos membros serán nomeados pola persoa titular, o/a director/a da Axencia Galega de Innovación, e estará integrado cada un deles por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un máximo de cinco (5) vogais.

Actuará como presidente/a o/a director/a da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue; como vogais actuarán profesionais e persoas expertas de recoñecido prestixio no eido da innovación e o deseño, e a secretaría recaerá na persoa titular da Dirección da Área de Centros da Axencia Galega de Innovación, con voz pero sen voto.

Procurarase que no comité de avaliación exista unha representación equilibrada de mulleres e homes con capacitación, competencia e preparación axeitada.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Designar como membros do xurado encargado de avaliar as candidaturas presentadas para os **Premios Galicia de Innovación** nas categorías de “Traxectoria Innovadora”, “Grande Empresa” e “Pequena e Mediana Empresa”, aos seguintes profesionais de recoñecido prestixio:

- D. Jorge Barrero Fonticoba
- D. Alberto M. Barreiro González
- D^a Teresa Mariño Garrido
- D^a Ana José Varela González



Designar como membros do xurado encargado de avaliar as candidaturas presentadas para os **Premios Galicia de Deseño** nas categorías de “Profesionais”, “Empresas” e “Talento Emerxente”, aos seguintes profesionais de recoñecido prestixio:

- D^a. Juana Teresa Rivas Fernandez
- D. David Barro López
- D. Alberto Garnil Rodríguez
- D. Xosé M. García Augusto

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

